



A Fontaneira – A Fontaneira (Santiago) – Baleira, 1981-02
Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (66)
Compiladora: Dorothe Schubarth
Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Eu caseime e apedreime
en terra de Maragatos
tocoume unha muller vella
toda roída dos ratos.

Carmela berrou con Xinto
na corredeira dabaixo
porque lle quitou un toxo
que levaba no refaixo.

“Dámo Carmela
un bico pequeno.”
“Non cho dou Manoliño
téñoche medo,
téñoche medo
medo che teño.”
“Se non mo das Carmela
xa non te quero.”

A túa nai xa llo dixen
i a teu pai téñolle medo
a túa nai xa llo dixen
na cortiña do portelo.